

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE CULTURA**

Decreto 286/1994, do 30 de setembro, polo que se regula o Centro Galego de Arte Contemporánea.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.19º en relación co artigo 148.17º da Constitución sinala que o fomento da cultura é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, que asumiu as ditas competencias polo Decreto 146/1982, do 1 de decembro, da Xunta de Galicia.

O Decreto 308/1989, da Xunta de Galicia, creou o Centro Galego de Arte Contemporánea para exhibición, disfrute e coñecemento das tendencias e correntes de creación artística contemporánea. Na actualidade para a súa posta en funcionamento faise necesario definir e regula-la súa estrutura orgánica, modificando o decreto de creación.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, co informe previo das consellerías da Presidencia e Administración Pública e de Economía e Facenda, en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, reformada pola Lei 11/1988, do 22 de febreiro e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día trinta de setembro de mil novecentos noventa e catro,

DISPÓNDO:

Artigo 1º —Natureza, réxime xurídico e sede.

1. O Centro Galego de Arte Contemporánea, unida de integrada na Consellería de Cultura, constitúese como un centro de promoción da creación e difusión para o desenvolvemento da cultura no eido das distintas manifestacións artísticas.

2. Rexerase por este decreto e, supletoriamente, polas normas aplicables ós museos da Xunta de Galicia.

3. A súa sede queda establecida na cidade de Santiago de Compostela, no edificio contruído para o efecto.

Artigo 2º —Obxecto.

O Centro Galego de Arte Contemporánea ten por obxecto promove-lo coñecemento e o acceso á arte contemporánea nas súas diversas manifestacións, así como favorece-la súa comunicación social.

Artigo 3º —Funcións.

Son funcións do Centro Galego de Arte Contemporánea:

a) Conservar e amplía-la colección do centro, expoñéndoa para a súa contemplación e estudo.

b) Desenvolver programas de exposicións temporais de arte contemporánea, con especial atención á creación artística relacionada con Galicia.

c) Pontenciar e incentiva-la creación artística, e contribuír á formación dos que se dedican ás artes plásticas, prestando ademais servizos de información, documentación e asesoramento no campo da arte contemporánea.

d) Desenvolver programas que favorezan o contacto co público, a súa sensibilización coa arte contemporánea e o seu achegamento ó centro.

Artigo 4º —A colección.

A colección do centro, sen prexuízo da súa concreta situación integrarase:

a) Polos fondos actuais da Xunta de Galicia.

b) Polos que no futuro adquira a propia Xunta de Galicia.

c) Polos procedentes de depósitos e doazóns que ó seu favor se produzan.

Artigo 5º —Órganos rectores.

Son órganos rectores do Centro Galego de Arte Contemporánea:

a) O padroado.

b) O presidente do padroado.

c) O director xeral do centro.

Artigo 6º —O padroado e o seu presidente.

1. O padroado estará formado:

a) Polo presidente. O seu nomeamento e cesamento correspóndelle ó Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro de Cultura.

b) Polo secretario xeral da Consellería de Cultura, os directores xerais dela e o presidente da Comisión de Programación e Coordinación de Iniciativas Culturais.

c) Polo director xeral do centro.

d) Polo director artístico do centro.

e) Polo xerente que exercerá o cargo de secretario.

f) Por seis vocais nomeados e cesados polo conselleiro de Cultura de entre personalidades do mundo das artes e da cultura, por proposta do director xeral do centro.

Os vocais nomeados desempeñarán as súas funcións por un período de tres anos desde a data dos seus respectivos nomeamentos.

2. O cargo de membro do padroado non estará remunerado.

Artigo 7º —Funcións do presidente.

Correspóndelle ó presidente do padroado:

a) Representa-lo padroado e impulsa-la súa actividade.

b) Convoca-las sesións do padroado, por propia iniciativa, por petición dun tercio dos seus membros ou por decisión do conselleiro de Cultura.

c) Presidi-las reunións do padroado, salvo cando asista o conselleiro de Cultura.

d) Promove-la creación e impulsa-la Asociación de Amigos do Centro Galego de Arte Contemporánea, e auspiciar mecenas e apoios para o centro ou calquera das súas actividades.

Artigo 8º —Funcións do padroado.

Correspóndelle ó Padroado do Centro Galego de Arte Contemporánea:

- a) A aprobación do plan anual de actividades.
- b) A aprobación da memoria anual.
- c) A aprobación do anteproxecto do orzamento.
- d) Emitir informe sobre as propostas de directrices do centro que dentro do marco sinalado neste decreto e demais normativa aplicable formule o director xeral do centro para a súa elevación á consellería.
- e) Propoñer criterios de admisión de depósitos de coleccións ou obras de arte, con suxeición ás normas aplicables para o efecto.
- f) Defini-las normas para a prestación de servizos ó público e de venda de publicacións e outros obxectos, así como de reproducións das obras artísticas do centro, de acordo coas disposicións ó caso.
- g) Emitir informe sobre os requisitos esixibles na convocatoria para a cobertura dos postos de traballo de carácter científico e técnico do centro.

Artigo 9º —Réxime de funcionamento do padroado.

1. O padroado celebrará sesións ordinarias cada tres meses, e extraordinariamente cando sexan convocadas polo presidente, por propia iniciativa, por petición dun tercio dos seus membros ou por decisión do conselleiro de Cultura, que tamén poderá efectuar directamente a convocatoria.

2. Para a celebración dunha sesión será necesaria a presenza da metade máis un dos membros do padroado.

3. No non previsto neste decreto será de aplicación a Lei de procedemento administrativo, no tocante ó funcionamento de órganos colexiados.

Artigo 10º —O director xeral do Centro Galego de Arte Contemporánea.

1. O director, que terá rango de director xeral, será nomeado e cesado polo Consello da Xunta de Galicia por proposta do conselleiro de Cultura.

2. Correspóndelle as seguintes funcións:

- a) A dirección do centro e do seu persoal.
- b) A execución das decisións da Consellería de Cultura e dos acordos do padroado do centro.
- c) Preparación do plan anual de actividades, memoria anual e anteproxecto do orzamento.
- d) Xestiona-lo cumprimento dos contratos públicos e privados que subscriba o Centro Galego de Arte Contemporánea.

3. Dependendo do director xeral haberá un director artístico e un xerente, ámbolos dous con rango de subdirector xeral. O seu nomeamento e cesamento correspóndelle ó conselleiro de Cultura, por proposta do director xeral do centro.

4. Ó director artístico correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Elaboración e execución dos criterios de constitución da colección, formación, catalogación e exposición dela.
- b) Concepción e coordinación do programa de exposicións.
- c) Organización e dirección dos diferentes departamentos (bibliotecas e centro de documentación, publicacións, fotografía, técnicas audiovisuais, escultura, etc.).

5. Ó xerente correspóndelle a xestión económico-administrativa e o réxime interior dos servizos xerais do centro, intendencia e funcionamento deles, así como o rexistro e arquivo xeral, tratamento administrativo das obras de arte e control da entrada e saída delas, a dirección dos servizos técnicos de mantemento, vixilancia, seguridade e organización de servizos auxiliares; e cantas outras funcións lle encomende ou delegue o director xeral. Exercerá ademais, o cargo de secretario do padroado do centro.

Artigo 11º —Outros medios persoais.

O centro contará co persoal necesario para o desempeño das funcións enumeradas nos artigos precedentes, dentro das posibilidades orzamentarias vixentes en cada momento.

Disposicións derradeiras

Primeira.—Queda facultado o conselleiro de Cultura para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento, execución e cumprimento deste decreto.

Segunda.—O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derogatoria

Queda derogado o Decreto 308/1989, do 28 de decembro.

Santiago de Compostela, trinta de setembro de mil novecientos noventa e catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Víctor Manuel Vázquez Portomeñe
Conselleiro de Cultura

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 6 de setembro de 1994, da Dirección Xeral de Ensinanzas Profesionais e Educación de Adultos, pola que se corríxen erros e se amplía a do 22 de agosto de 1994.

A Orde do 27 de abril de 1994 (DOG do 10-6) dicta normas referentes á renovación da oferta educativa de ensinanzas experimentais nos centros de formación profesional, durante o curso 1994-1995.

A Resolución do 22 de agosto de 1994 (DOG do 1-9), da Dirección Xeral de Ensinanzas Profesionais e Educación de Adultos, desenvolve parcialmente a devandita orde. Advertidos erros na referida resolución e continuando coa renovación indicada na orde, é polo que, na súa virtude, esta dirección xeral,

RESOLVEU:

A) Á corrección dos seguintes erros:

No apartado 1.6, onde di:

«IFP Fernando Wirtz, A Coruña.

—M.2.: «Auxiliar de administración e xestión».

—M.3.: «Comercio exterior».

—M.3.: «Delineación industrial».

—Ciclos formativos de nivel superior: «Delineación» e «Desenvolvemento e aplicación dos proxectos de construción», debe dicir:

«IFP Fernando Wirtz, A Coruña.

—M.2.: «Auxiliar de administración e xestión».

—M.3.: «Comercio exterior».

—Ciclos formativos de nivel superior: «Desenvolvemento e aplicación dos proxectos de construción».

No apartado 1.13, onde di:

«CECA Guísamo.

—M.2.: «Horticultura».

—M.2.: «Xardineiro produtor de plantas», debe dicir:

«CECA Guísamo.

—M.2.: «Horticultura».

—M.2.: «Instalación e mantemento de xardíns».

No apartado 2.4, onde di:

«CECA Pedro Murias. Lugo.

—M.2.: «Explotacións agropecuarias», debe dicir:

«CECA Pedro Murias. Ribadeo.

—M.2.: «Explotacións agropecuarias».

No apartado 3.3., onde di:

«IFP Xinzo de Limia.

—M.2. «Hortofructicultura», debe dicir:

«IFP Xinzo de Limia.

—M.2.: «Horticultura».

No apartado 4.2, onde di:

«IFP A Granxa. Pontearreas.

—M.2.: «Hortofructicultura», debe dicir:

«IFP A Granxa. Pontearreas.

—M.3.: «Hortofructicultura».

No apartado 4.3, onde di:

«IPF O Porriño.

—M.2.: «Instalador mantedor eléctrico», debe dicir:

«IFP O Porriño.

—M.2. «Instalador mantedor eléctrico»

—M.2. «Albanelería».

No apartado 4.4, onde di:

«Colexio fogar Caixavigo. Vigo.

—M.2.: «Reproducción fotomecánica», debe dicir:

«Colexio fogar San Roque. Vigo.

—M.2. «Reproducción fotomecánica».

B) Autorizar a implantación dos seguintes módulos profesionais, programas de garantía social e ciclos formativos nos centros que a continuación se relacionan:

1. Provincia da Coruña.

1.1. IESP Cruceiro Baleares. Culleredo.

—M.3.: «Mantemento en instalacións e servizos industriais».

1.2. IFP Someso. A Coruña.

—Programas de garantía social: «Operario de carpintería: nivel básico» e «Axudante de reparación de vehículos: nivel básico».

1.3. IFP Escola de imaxe e son. Someso.

—M.3.: «Operacións de imaxe e son».

—M.3.: «Realización, produción e operacións de programas audiovisuais».

1.4. IFP Santa Uxía de Ribeira.

—M.2.: «Carrocería».

1.5. IPFP de Santiago de Compostela.

—M.3.: «Sistemas automáticos e programables».

1.6. CECA Guísamo.

—Programa de garantía social: «Explotacións agropecuarias: nivel básico».

2. Provincia de Lugo.

2.1 IFP «Daviña Rei». Monforte.

—M.2.: «Instalador e mantedor eléctrico».